

## O RATO DO MONTE E O DA CASA

Saíu unha vez un rato da casa nun día de inverno e encontrou un rato de monte, cheo de frío e moi fraco.

—E ti, ¿como estás así tan fraco? —díxolle o da casa—. Vente comigo, que alí onde eu estou hai sempre que comer, sen necesidades de pasar frío nin de mollarse para buscar que comer.

—¿E o gato? —preguntou o do monte.

—¡Boh! —respondeulle o da casa—. Hai alí un, pero é coma se nada. Sempre está durmindo. Ti ven, e verás como paso por diante del e nin sequera me ve.

Foron os dous para casa e viron o gato durmido diante da porta. Pasou o rato por diante del todo confiado pero o gato abriu un pouco os ollos, deu un brinco e o rato quedou entre as uñas e os dentes do gato.

O rato do monte, que tal viu, deu media volta e dixo:

—¡Vale máis no monte fraco  
que gordo no cu do gato!